

NOTA INFORMATIVA

Vistos os seguintes ANTECEDENTES:

1. A convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022 anunciada a través da Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 13 de xuño de 2022.
2. As solicitudes presentadas ao abeiro da antedita convocatoria e a orde de preferencia de destinos manifestada por cada candidato na súa respectiva solicitude.
3. O exame das solicitudes e da documentación complementaria achegada con aquelas, así como as actuacións de trámite realizadas conforme a este exame.
4. A valoración de méritos realizada pola comisión de valoración constituída segundo o establecido no artigo 12 da dita Orde do 13 de xuño de 2022 .
5. A relación definitiva de admitidos e excluídos e a acta das reunións mantidas pola antedita comisión de valoración, á que se xuntan as táboas de valoración de méritos de cada destino convocado, nas que se inclúe o detalle da puntuación obtida por cada candidato en cada un dos apartados baremados.
6. A proposta de resolución provisional formulada polos representantes das respectivas universidades e exposta a información pública por un prazo de dez días.
7. O transcurso do prazo de exposición pública, así como a recepción, exame e desestimación das alegacións presentadas durante o dito prazo.

Esta Secretaría Xeral, no seu papel de colaboradora na xestión administrativa do proceso de selección de lectores, convocado mediante a *Orde do 13 de xuño de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022* (DOG núm. 122, do 28 de xuño), INFORMA de:



1. Que a RESOLUCIÓN PROVISIONAL formulada o 19 de setembro de 2022 polos representantes das universidades implicadas queda alterada no que respecta ás prazas da Universidade de Deusto e da Universidade de Varsovia debido ao seguinte:

- Renuncia da adxudicataria provisional da Universidade de Deusto, o que supón a adxudicación á seguinte candidata, Jezabel Freire García, que solicitara esta praza en primeiro lugar.
- Como consecuencia do anterior, a praza da Universidade de Varsovia, na que resultara adxudicataria provisional Jezabel Freire García, queda deserta.

Con esta modificación, a resolución provisional do 19 de setembro de 2022 adquire a condición de **RESOLUCIÓN DEFINITIVA** e a adxudicación de prazas queda como segue¹:

Destino	Apelidos e nome	NIF
Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg (Alemaña)	-----	-----
Christian-Albrechts-Universität zu Kiel (Alemaña)	Pereira Porto, Laura	***0840**
Universidade de Miño (Universidade do Minho)	Paz Félix, Alberto	***3889**
Universidad de Deusto / Deustuko Unibertsitatea (España)	Freire García, Jezabel	***0952**
Uniwersytet Warszawski (Polonia)	-----	-----

2. Que se lle dá traslado destas circunstancias a cada unha das universidades implicadas para que, conforme o establecido nas bases da convocatoria, procedan á adxudicación definitiva das prazas convocadas mediante a correspondente formalización de contrato laboral ás persoas beneficiarias.

Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Política Lingüística

M^a Lourdes Batán Aira

¹ Xúntanse, como anexos, as táboas de valoración de méritos realizadas pola comisión de valoración.



